

INFORMACIÓN A LAS FAMILIAS SOBRE LA PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN FÍSICA

**C.P.I. "AS MIRANDAS"
CURSO 2016-17**

XEFA DEPARTAMENTO:

Amalia T. Bascuñana García

8-CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º CICLO

1. Realizar de xeito autónomo actividades de quecemento de tipo xeral.

Trátase de comprobar se o alumno ou alumna asimilou a idea da necesidade de preparar o corpo para unha actividade posterior máis intensa e coñece os procedementos e exercicios máis axeitados para elo.

2. Xustificar as capacidades físicas que se están a desenvolver na práctica das distintas actividades físicas.

Trátase de comprobar se o alumnado coñecen as capacidades físicas básicas e as súas principais características, a través da súa utilización nas tarefas motrices.

3. Incrementar as capacidades físicas de acordo co momento de desenvolvemento motor, acercándose aos valores normais do grupo de idade no entorno de referencia.

Trátase de comprobar se o alumnado incrementou os niveis de desenvolvemento das capacidades físicas básicas en función dos rexistros tomados ó iniciar o Ciclo. Os valores medios no seu grupo de idade servirán, unicamente, como referencia informativa para valorar se o progreso é axeitado, e para motivar aos alumnos e aceptar e superar os seus niveis.

4. Aplicar as habilidades específicas adquiridas a situacións reais de práctica de actividades físico-deportivas, prestando unha especial atención aos elementos de execución.

Trátase de comprobar se o alumno consolidou as habilidades e destrezas motrices básicas como base para a súa integración nas habilidades motrices específicas propias de cada deporte, cun grao de execución aceptable.

5. Expresar e comunicar, de xeito individual e colectivo, estados emotivos e ideas utilizando as combinacións dalgúns elementos da actividade física.

Comprobarase se os nenos comprenden os significados expresivos dos múltiples movementos corporais e das combinacións das variables do movemento corporal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º CICLO

1. Realizar, de xeito autónomo, actividades de quecemento preparando o seu organismo para actividades máis intensas e/ou complexas.

Trátase de comprobar se o alumnado é quen de recoñecer a participación dos diversos grupos musculares e as habilidades específicas na actividade a realizar, se coñece os fundamentos do quecemento e se é quen de planificar exercicios que o preparen para a actividade posterior.

2. Utilizar as modificacións da frecuencia cardíaca e respiratoria como indicador da intensidade e/ou adaptación do organismo ao esforzo físico co fin de regular a propia actividade.

Trátase de comprobar se o alumnado comprende o funcionamento global do corpo humano e as adaptacións de este ao esforzo.

3. Incrementar as capacidades físicas de acordo co momento de desenvolvemento motor, achegándose ós valores normais do grupo de idade no entorno de referencia.

Trátase de comprobar se o alumnado comprende a relación entre o desenvolvemento motor da condición física e a mellora da saúde e calidade de vida.

4. Coordinar as accións propias coas do equipo, interpretando con eficacia a táctica para acadar a cohesión e a eficacia cooperativas.

Trátase de comprobar se o alumnado comprende a estratexia do xogo, coñece as regras e participan de xeito cooperativo, aceptando os diferentes niveis de eficiencia motriz dos integrantes do grupo.

5. Utilizar técnicas de relaxación como medio para recobrar o equilibrio psico-físico e como preparación para o desenvolvemento de outras actividades.

Trátase de comprobar se o alumnado coñece as técnicas de relaxación e os seus efectos, e ten o hábito de recorrer a elas co fin de reducir desequilibrios e descargar tensións, antes o despois do exercicio físico.

6. *Utilizar técnicas propias de manifestacións expresivas (danza, bailes de salón, etc.).*

Trátase de comprobar se o alumnado coñece os compoñentes principais de ditas manifestacións.

7. *Mostrar unha actitude de tolerancia e deportividade por riba da busca desmedida da eficacia.*

Trátase de comprobar se o alumnado por riba da súa actuación individual ou de equipo, ten unha actitude de tolerancia baseada no respecto e aceptación das diferenzas no nivel de eficiencia motriz dos seus compañeiros e adversarios e si, tanto como participante como espectador, acepto de bo grao a derrota e relativiza a vitoria.

8-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación que os alumnos obteñen en cada avaliación xurde da suma de tres notas:

- ▶ Asistencia ,hábitos de hixiene e participación:5 puntos
- ▶ Exames prácticos e/ou teóricos: 4 puntos
- ▶ Teoría, traballos obrigatorios: 2 puntos
- ▶ Traballos opcionais e participación en os diversos campionatos:1 punto

Para aprobar a asignatura, é necesario acadar en cada un dos tres primeiros apartados o 30% da puntuación máxima. Soamente se sumará o punto do traballo opcional si xa hai un aprobado coa suma das outras tres notas.

No apartado de *Asistencia e Participación* terase en conta que con tres faltas **non xustificadas** de asistencia a clase, suspenderase a avaliación. As faltas non xustificadas inclúen a non realización de práctica por motivos que de ningún xeito se poida xustificar: esquecer a roupa (zapatillas, chandal, etc.), ter a roupa mollada, dores pasaxeiros continuados e que non se xustifican documentalmente, etc.

A **Participación** ten en conta o traballo diario, a actitude, o comportamento, o esforzo, etc.

Para aqueles alumnos que non poidan realizar o 40% das clases prácticas (por enfermidade ou lesión) ou que non podan facer o exame práctico, se contemplará a realización dun traballo alternativo, para realizar durante as clases e/ou para entregar á profesora, no formato especificado por esta.

9-CRITERIOS DE PROMOCIÓN E CONTIDOS MÍNIMOS

Utilizaremos como indicadores para decidir a promoción dos alumnos os seguintes:

- Presentar de maneira aceptable tódolos traballos, incluído o diario do alumno, encargados ó longo do curso.
- Asistir as clases de Educación Física coa vestimenta e calzado axeitado
- Coidado do material e instalacións.
- Participar en tódalas actividades realizadas nas sesións e alcanzar unha progresión individual suficiente.
- Amosar un coñecemento dos conceptos básicos transmitidos ó longo do curso e sinalados no apartado de contidos da seguinte programación
- Os alumnos/as que non cumplan algún destes requisitos terán que repetir no mes de setembro tódalas probas individuais realizadas para a valoración dos procedementos e realizar un exame teórico *sobre* os contidos conceptuais impartidos, cunha valoración cuantitativa de 50% o primeiro e 50% o segundo.
- **No caso de que as probas** realizadas foran en grupo,adaptaranse estas probas a través **de:probas** procedimentais individuais e traballos por escrito.